

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN01	Audioloxía protésica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0199	Características anatomosensoriais auditivas	2023/2024	9	292	292
MP0199_12	Características anatomosensoriais auditivas xerais	2023/2024	9	240	240
MP0199_22	Estudo audiolóxico infantil	2023/2024	9	52	52

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	SILVIA CASANOVA BARCIA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico superior en Audioloxía Protésica consiste en seleccionar e adaptar próteses auditivas realizando a avaliación audiolóxica, o seguimento da persoa usuaria e o mantemento de próteses, así como determinar medidas de protección acústica a partir da avaliación dos niveis sonoros.

Este profesional exerce a súa actividade no sector sanitario público e privado, en empresas privadas do sector, en gabinetes audioprotésicos e en prevención de efectos de ruído ambiental. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son técnico/a superior de audioprotésese, técnico/a especialista audioprotesista, técnico/a en elaboración de moldes e protectores auditivos, técnico/a en medición de nivel sonoro e audiometrista.

O módulo de Características Anatomosensoriais Auditivas serve como punto de partida para que os alumnos adquiran o coñecemento sobre a anatomía e a fisioloxía do aparato auditivo e vestibular, necesario para realizar diagnósticos auditivos utilizando todas as probas de audición deseñadas para tal fin, tanto en pacientes adultos como nenos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Anatomía e fisioloxía dos sistemas auditivo e vestibular	Estructura en función das diferentes partes do oído e anatomía xeral relacionada. Planos e eixos corporales. vocabulario médico	35	10
2	Patoloxía do oído	Enfermidades que afectan ao oído e á audición. Patoloxías do oído externo, medio e interno. Afectacións na capacidade auditiva. Relación con probas auditivas. Análise e interpretación de informes médicos audiolóxicos e otorrinolaringolóxicos.	30	10
3	Normativa, instalacións e equipamento audiolóxico	Identificación, montaxe e mantemento das instalacións, materiais e equipos para o estudo da audición	15	10
4	Estudo audiolóxico inicial	Anamnese, historia clínica, otoscopia e acumetría	25	10
5	Probas auditivas subxectivas: ATL	Audiometría tonal liminar simple e enmascarada	30	10
6	Probas auditivas subxectivas: AVL	Logaudiometría por vía aérea, vía ósea con e sen enmascaramento	30	10
7	Probas auditivas subxectivas: supraliminares e psicoacústicas	Probas de Fowler, SISI, Ten Test, umbral de algiacusia, Test de Watson e Tolan. Probas psicoacústicas	30	10
8	Probas auditivas obxectivas	Timpanometría, potenciais evocados auditivos (PEATC, PEAAE), otoemisións acústicas	25	10
9	Corrección de perdas auditivas	Criterios de selección das prótesis auditivas, implantables e non implantables, segundo as características anatomosensoriais e indicacións clínicas	20	10
10	Audioloxía infantil	Estudo da audición infantil en función da etapa de desenvolvemento cognitivo dos nenos e nenas. Detección precoz da xordeira en Galicia. Cribado auditivo neonatal	52	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Anatomía e fisioloxía dos sistemas auditivo e vestibular	35

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Describe as características anatomofisiolóxicas e patolóxicas xerais e do sistema auditivo e interpreta prescricións facultativas.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características anatómicas relacionadas.
CA1.2 Precísanse os mecanismos fisiolóxicos e sensoriais relacionados.
CA1.4 Utilízanse os termos médico-sanitarios básicos.
CA1.5 Descríbense as características anatómicas do sistema auditivo.
CA1.5.1 Identifícanse as estruturas anatómicas do oído e relaciónanse coa súa función
CA1.5.2 Identifícanse as estruturas anatómicas do oído externo e medio en pacientes
CA1.6 Precísanse os mecanismos fisiolóxicos e sensoriais do sistema auditivo.
OCA1.10 Descríbense os mecanismos fisiolóxicos que regulan o equilibrio

4.1.e) Contidos

Contidos
Terminoloxía médico-sanitaria básica.
Anatomofisioloxía xeral relacionada.
Estrutura e función do sistema auditivo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Patoloxía do oído	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Describe as características anatomofisiolóxicas e patolóxicas xerais e do sistema auditivo e interpreta prescricións facultativas.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Recoñécéronse as patoloxías xerais que inflúen na audición ou que teñen repercusión na adaptación protésica.
CA1.4 Utilizáronse os termos médico-sanitarios básicos.
CA1.7 Recoñécéronse as patoloxías otolóxicas asociadas á deficiencia auditiva.
CA1.8 Interpretouse a prescrición facultativa.

4.2.e) Contidos

Contidos
Terminoloxía médico-sanitaria básica.
Patoloxía xeral relacionada coa perda de audición ou coa adaptación protésica.
Patoloxías do sistema auditivo.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Normativa, instalacións e equipamento audiolóxico	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Describe o equipamento audiolóxico e deseña o plan de mantemento.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícase o instrumental de exploración.
CA2.2 Descríbense as características xerais e os elementos necesarios dunha cabina ou sala sonoamortecida para probas audiométricas.
CA2.3 Interpretáronse os elementos e os accesorios que constitúen os audiómetros.
CA2.4 Descríbense as características xerais dos equipamentos utilizados nas probas audiolóxicas obxectivas.
CA2.5 Realizáronse as técnicas de limpeza, desinfección e esterilización do instrumental e do material.
CA2.6 Determinouse a necesidade de calibraxe dos equipamentos
CA2.7 Deseñouse un plan de calibraxe dos equipamentos.
CA2.8 Analizouse a lexislación que regula os establecementos sanitarios e a protección auditiva
CA2.9 Utilizáronse os softwares de audiología máis relevantes: Otosuite, Noah, Equinox, etc

4.3.e) Contidos

Contidos
Lexislación relacionada cos establecementos sanitarios e riscos laborais
Instrumentos de exploración anatómica e funcional do oído.
Cabina sonoillada e sala de campo sonoro para probas audiométricas.
Audiómetros: elementos e accesorios.
Equipamento de impedanciómetro.
Equipamento de otoemisións acústicas.
Equipamento de potenciais evocados auditivos.
Mantemento, limpeza, desinfección e esterilización do instrumental, dos equipamentos e do material.
Plan de calibraxe dos equipamentos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Estudo audiolóxico inicial	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Describe as características anatomofisiolóxicas e patolóxicas xerais e do sistema auditivo e interpreta prescricións facultativas.	NO
RA3 - Realiza exploracións e probas audiolóxicas en persoas adultas, e xustifica as probas seleccionadas.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.9 Rexistráronse os datos na historia clínica audioprotésica.
CA1.11 Diseñáronse diferentes tipos de historias clínicas en función do estudo a realizar
CA3.1 Realizouse e describiuse a exploración otoscópica
CA3.2 Realizáronse e describíronse as probas audiolóxicas subxectivas: técnicas acumétricas, audiometría tonal liminar, técnicas de audiometría supraliminar, probas de audiometría verbal e probas psicoacústicas.

4.4.e) Contidos

Contidos
Historia clínica audioprotésica.
Otoscopia.
Realización de probas audiométricas subxectivas: Acumetría. Audiometría tonal liminar. Técnicas de enmascaramento clínico. Logaudiometría. Técnicas de enmascaramento clínico. Audiometría supraliminar.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Probos auditivas subxectivas: ATL	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza exploracións e probas audiolóxicas en persoas adultas, e xustifica as probas seleccionadas.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Realizáronse e describíronse as probas audiolóxicas subxectivas: técnicas acumétricas, audiometría tonal liminar, técnicas de audiometría supraliminar, probas de audiometría verbal e probas psicoacústicas.
CA3.4 Realizáronse e describíronse as probas de audioloxía laboral.
CA3.5 Rexistráronse os resultados das probas nos códigos internacionais.
CA3.6 Aplicouse o protocolo con rigor, orde, método e precisión.

4.5.e) Contidos

Contidos
Realización de probas audiométricas subxectivas: Acumetría. Audiometría tonal liminar. Técnicas de enmascaramento clínico. Logaudiometría. Técnicas de enmascaramento clínico. Audiometría supraliminar. Rexistro gráfico dos resultados das probas.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Probos auditivas subxectivas: AVL	30

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza exploracións e probas audiolóxicas en persoas adultas, e xustifica as probas seleccionadas.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Realizáronse e describíronse as probas audiolóxicas subxectivas: técnicas acumétricas, audiometría tonal liminar, técnicas de audiometría supraliminar, probas de audiometría verbal e probas psicoacústicas.
CA3.4 Realizáronse e describíronse as probas de audioloxía laboral.
CA3.5 Rexistráronse os resultados das probas nos códigos internacionais.
CA3.6 Aplicouse o protocolo con rigor, orde, método e precisión.

4.6.e) Contidos

Contidos
Realización de probas audiométricas subxectivas: Acumetría. Audiometría tonal liminar. Técnicas de enmascaramento clínico. Logaudiometría. Técnicas de enmascaramento clínico. Audiometría supraliminar. Rexistro gráfico dos resultados das probas.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Probos auditivas subxectivas: supraliminares e psicoacústicas	30

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza exploracións e probas audiolóxicas en persoas adultas, e xustifica as probas seleccionadas.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Realizáronse e describíronse as probas audiolóxicas subxectivas: técnicas acumétricas, audiometría tonal liminar, técnicas de audiometría supraliminar, probas de audiometría verbal e probas psicoacústicas.
CA3.4 Realizáronse e describíronse as probas de audiología laboral.
CA3.5 Rexistráronse os resultados das probas nos códigos internacionais.
CA3.6 Aplicouse o protocolo con rigor, orde, método e precisión.

4.7.e) Contidos

Contidos
Realización de probas audiométricas subxectivas: Acumetría. Audiometría tonal liminar. Técnicas de enmascaramento clínico. Logaudiometría. Técnicas de enmascaramento clínico. Audiometría supraliminar. Rexistro gráfico dos resultados das probas.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Probas auditivas obxectivas	25

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza exploracións e probas audiolóxicas en persoas adultas, e xustifica as probas seleccionadas.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.3 Descríbense e realízanse as probas audiolóxicas obxectivas.
CA3.4 Realízanse e describíronse as probas de audioloxía laboral.
CA3.5 Rexístranse os resultados das probas nos códigos internacionais.
CA3.6 Aplícase o protocolo con rigor, orde, método e precisión.

4.8.e) Contidos

Contidos
Probas psicoacústicas.
Probas audiolóxicas obxectivas: Impedanciometría. Otoemisións acústicas. Potenciais evocados auditivos.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Corrección de perdas auditivas	20

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as posibilidades de corrección das perdas auditivas analizando as características anatomosenoriais da persoa usuaria e as indicacións clínicas das próteses auditivas.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Interpretáronse os datos obtidos na exploración e na historia clínica audioprotésica.
CA4.2 Clasificáronse os tipos de perda auditiva en función da localización da alteración anatomosenorial que a orixine.
CA4.3 Relacionáronse as desviacións obtidas nas probas audiolóxicas cos tipos de perda auditiva.
CA4.4 Descríbense as implicacións de cada tipo de perda auditiva na selección, na adaptación e no rendemento de próteses auditivas.
CA4.5 Descríbense as principais contraindicacións morfolóxicas e funcionais para a adaptación de próteses auditivas.
CA4.6 Seleccionouse o formato e a gráfica de presentación dos resultados.
CA4.7 Interpretáronse os resultados da avaliación audiolóxica.
CA4.8 Clasificáronse as próteses auditivas en función das necesidades do paciente

4.9.e) Contidos

Contidos
Tipos de próteses auditivas e os seus usos
Tipos de perda auditiva.
Patróns audiolóxicos de cada tipo de perda auditiva.
Contraindicacións morfolóxicas e funcionais para a adaptación de próteses auditivas.
Prognóstico de corrección auditiva para cada tipo de perda.
Integración de probas audiolóxicas.
Gráficas audiométricas.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Audioloxía infantil	52

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza estudos de audición infantil en relación coas características físicas e o desenvolvemento cognitivo do cativo ou da cativa.	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características xerais dos equipamentos, os instrumentos e os materiais utilizados nas probas audiolóxicas infantís.
CA1.2 Descríbense as técnicas de cribaxe auditiva infantil e identifícase o programa de detección precoz da xordeira en Galicia.
CA1.3 Descríbense os estudos necesarios de audioloxía infantil.
CA1.4 Realízase a posta a punto do equipamento para a exploración.
CA1.5 Selecciónanse as exploracións e as probas necesarias na orientación audioprotésica.
CA1.6 Diferenciáronse as técnicas en función da idade.
CA1.7 Aplicáronse técnicas en función das características físicas e o desenvolvemento cognitivo.
CA1.8 Clasifícanse os tipos de perda auditiva e relacionáronse as desviacións obtidas nas probas audiolóxicas cos tipos de perda auditiva.
CA1.9 Descríbense as implicacións de cada tipo de perda auditiva na selección, na adaptación e no rendemento de próteses auditivas infantís.
CA1.10 Interpretáronse os resultados obtidos.
CA1.11 Elaboráronse informes do estado auditivo.

4.10.e) Contidos

Contidos
Equipamento das probas audiolóxicas infantís e calibraxe.
Integración das probas e interpretación dos resultados.
Informes do estado auditivo.
Cribaxe auditiva.
Historia clínica e exploración audioprotésica infantil.
Elementos diferenciais da anatomía infantil.
Características do desenvolvemento cognitivo e motor no pequeno ou na pequena.
Probas audiolóxicas subxectivas segundo a idade. Por reflexo non condicionado: audiometría por observación da conduta. Por reflexo condicionado: audiometría por reforzo visual.
Condicionamento por xogo.
Probas verbais



Contidos

Avaliación da capacidade funcional auditiva segundo a idade, o desenvolvemento físico e cognitivo, e o grao de hipoacusia

Probas audiolóxicas obxectivas.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles aparecen sinalados para cada unha das unidades didácticas.

O módulo divídese en tres avaliacións trimestrais do curso escolar, e para superar o módulo teranse en conta os seguintes criterios:

- Para superar o módulo é necesario ter superadas as tres avaliacións parciais. No caso de non superar algunha, haberá probas de recuperación en cada avaliación. E se aínda así non se supera, poderá recuperarse nunha proba final en xuño.
- En cada avaliación o alumnado terá que acadar unha cualificación igual o superior a 5 en todos os bloques.
- A nota de cada avaliación calcularase en función da seguinte porcentaxe, dividida en dous bloques:
 - o Bloque teórico: proba/s escrita/s, que consistirán en preguntas curtas, supostos prácticos, preguntas tipo test, identificación de imaxes ou verdadeiro/falso. As respostas tipo test incorrectas terán valoración negativa. A cualificación da proba será de 0-10 puntos, sendo necesario un mínimo de 5 puntos para superala.
 - o Bloque práctico: corresponderá a realización de traballos, exercicios, probas prácticas, actividades de aula ou exposicións. Terase en conta dentro desta porcentaxe a calidade, claridade, estrutura e ortografía dos textos; o uso correcto do laboratorio, a puntualidade nas entregas de traballos, a participación, a colaboración entre compañeiros nos traballos en grupo, etc. A cualificación do bloque será de 0-10 puntos, sendo necesario un mínimo de 5 puntos para superalo.
- Se nalgunha avaliación non se plantexaran algún dos dous bloques mencionados, a nota final será 100% da parte sí realizada.
- Se algún/ha alumno/a non acada un mínimo de 5 puntos nalgunha das dúas partes mencionadas, terá unha cualificación menor ou igual a 4 puntos, e quedará pendente de recuperación da parte suspensa.
- Para aprobar o módulo é imprescindible ter cada unha das avaliacións parciais aprobadas, cun mínimo de 5. A nota final calcularase en base ás porcentaxes de peso de cada unidade didáctica.
- No caso de non superar algunha avaliación parcial (parte teórica e/ou práctica), o alumno/a terá que examinarse da materia pendente na convocatoria ordinaria de Xuño.
- Quen non asista á realización dunha proba sen causa xustificada, terá a posibilidade de realizala na data da recuperación, e se non, na data da proba de Xuño.
- Se se dera o caso de detectar algunha actuación de tipo fraudulento ou perigosa, por falta de material necesario para o desenrolo das probas ou calquera outra actividade ilícita, será motivo de sanción e de retirada do exame ou proba.
- En cada unidade didáctica queda reflectido o tanto por cento do peso na nota final.
- Ao finalizar o trimestre e na nota final o alumnado será cualificado cunha nota numérica do 1 ao 10 (aplicando redondeo de tal forma que se supera as 5 décimas a nota se redondea á alza e se non, queda como está)
- Para obter unha cualificación positiva do módulo é necesario obter polo menos 5 puntos en cada bloque.
- A nota final será o resultado de calcular a media ponderada de todas as partes

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao finalizar cada avaliación farase unha proba escrita para a parte teórica e/ou práctica, así como prácticas de laboratorio, entrega de actividades ou traballos atrasados. Aplicaranse os mesmos criterios de cualificación descritos no punto 5:

- Bloque teórico: proba/s escrita/s que consistirán en preguntas curtas, supostos prácticos, preguntas tipo test, identificación de imaxes ou verdadeiro/falso. As respostas tipo test incorrectas terán valoración negativa. A cualificación da proba será de 0-10 puntos, sendo necesario un mínimo de 5 puntos para superala.
- Bloque práctico: corresponderá á realización de traballos, exercicios, actividades de aula, exposicións ou role-playing. Terase en contra dentro

desta porcentaxe a calidade, claridade, estrutura e ortografía; a puntualidade na entrega dos traballos, a participación, a colaboración entre compañeiros nos traballos en grupo, etc. A cualificación do bloque será de 0-10 puntos, sendo necesario un mínimo de 5 puntos para superalo. No caso de non realizarse algún dos bloques durante o trimestre, o 100% da nota corresponderá ao bloque sí realizado. Para obter unha cualificación positiva na avaliación é necesario obter polo menos 5 puntos en cada bloque.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Ante unha perda de dereito de avaliación continua, proporase unha proba de avaliación extraordinaria en xuño que consistirá nunha proba escrita con parte teórica e/ou práctica, así como prácticas de laboratorio que se estimen oportuno. Aplicaranse os mesmos criterios de cualificación descritos no punto 5:

Proba escrita que consistirá en preguntas curtas, supostos prácticos, preguntas tipo test, identificación de imaxes ou verdadeiro/falso. As respostas tipo test incorrectas terán valoración negativa. A cualificación da proba será de 0-10 puntos, sendo necesario un mínimo de 5 puntos para superala. Terase en contra a calidade, claridade, estrutura e ortografía.

Para obter unha cualificación positiva do módulo é necesario obter unha media total de 5 puntos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será documentada por cada docente na aplicación informática da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente, nas que se fai constar que está realizado.

A avaliación da propia práctica docente farase mediante unha enquisa de satisfacción.

A práctica docente avalíase mediante unha enquisa aos estudantes.

Ao remate do curso, realizarase Memoria final do módulo segundo o modelo establecido, na que serán incluídas todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán de base para a elaboración da programación do curso seguinte.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase una avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo, así como a detección das posibles dificultades do alumnado.

Observarase ao alumnado nas primeiras semanas do curso e emitirase un informe para a titora.

A titora recabará información grazas ao departamento de Orientación, en relación coa situación académica do alumnado, algún tipo de discapacidade, necesidades educativas especiais ou ben outros datos relevantes como a experiencia laboral previa.

A titora levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A atención á diversidade xurde como consecuencia das diferentes motivacións, capacidades e intereses dos alumnos. É tarefa do docente detectar esas diferenzas e ordenar a súa acción pedagóxica en relación con elas, utilizando recursos e estratexias variadas co fin de responder ás

necesidades de cada alumno/a. O profesor non debe actuar como un mero transmisor de contidos, senón que, partindo das ideas previas e os intereses do alumnado, debe facilitar os aprendizaxes, establecendo os obxectivos máis apropiados e a metodoloxía axeitada para acadalos. É preciso indicar que na Formación Profesional específica, ensino postobrigatorio, non caben as adaptacións curriculares significativas. As adaptacións que se poden aplicar deben ser non significativas, polo tanto existen dúas situacións:

- Necesidades sensoriais: utilízanse elementos materiais, escritos, audiovisuais e informáticos, de acceso ao currículo.
- Diversidade de intereses e ritmos nas aprendizaxes: utilizaranse actividades anexas de apoio, reforzo ou ampliación segundo a situación. Estas actividades desenvolveranse na aula ou fora de ela como traballo persoal.
- Actividades anexas: En moitos casos trátanse de preguntas de resposta directa, para que o alumno repase as ideas principais de cada unidade didáctica. Noutros casos, cun nivel de complexidade maior, preténdese a reflexión do alumno ou alumna ou a procura de información sobre algún asunto da súa vida cotiá ou do entorno, relacionado cos contidos do módulo e o ciclo formativo.
- Actividades de reforzo e de ampliación: Pensadas para os alumnos cuxo proceso de aprendizaxe presenta características específicas. As primeiras permiten repasar conceptos fundamentais das unidades didácticas e deben servir para os alumnos que necesitan reforzar o seu proceso de aprendizaxe. As actividades de ampliación constitúen unha profundización nalgún aspecto de gran interese relacionado cos contidos das unidades didácticas. Representan unha boa oportunidade para responder aos intereses de determinados alumnos que demandan un grao maior de aprendizaxe sobre certos temas.

Ademais destes instrumentos, o tratamento da diversidade debe abordarse tamén mediante a utilización de variados materiais e recursos de distintos grados de dificultade. Poden citarse os seguintes:

- Ordenador e internet, coa súa variada oferta multicultural.
- Material bibliográfico do departamento e a biblioteca do centro educativo.

Finalmente, pode abordarse tamén a diversidade do alumnado mediante os distintos agrupamentos. Os procedementos propios da materia requiren tanto o traballo individual, como o de grupo, tanto na aula, no laboratorio, como nas actividades extraescolares (visitas a museos e exposicións, laboratorios, hospitais, etc). En función do traballo a desenvolver en cada un deses ámbitos, pódese optar por agrupamentos que favorezan a reflexión persoal, a cooperación entre varios alumnos ou a interacción entre diferentes grupos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ao longo do curso neste módulo atenderase ao desenvolvemento de aspectos relacionados coa non discriminación por razóns de raza, sexo, xénero ou orientación sexual, crenzas ou relixión, o uso responsable das novas tecnoloxías de información e comunicación, educación moral, cívica e ambiental e a educación para a saúde.

Tamén desenvolveremos en cada actividade a adquisición da capacidade de traballo en equipo, do seguimento veraz de técnicas e protocolos, e do valor engadido das tarefas ben feitas.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Existe a posibilidade de organizar actividades complementarias ou extraescolares, promovidas polo centro, o departamento, ou o equipo docente.